

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento de directrices e criterios relativos á aplicación do sistema anticolidión de a bordo (ACAS) e os procedementos de continxencia en voo.*

No ámbito da aviación civil, o director xeral de Aviación Civil, mediante circulares aeronáuticas, poderá determinar as directrices e criterios de aplicación do sistema anticolidión de a bordo (ACAS) e dos procedementos de continxencia en voo para preservar a seguridade das operacións en voo.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde ministerial entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 6 de xullo de 2004.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Excma. Sra. Ministra de Fomento e Excmo. Sr. Ministro de Defensa.

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**13371** *ORDE EHA/2376/2004, do 8 de xullo, pola que se modifica a Orde do 21 de decembro de 1998 que desenvolve o Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, do 12 de outubro de 1992, que establece o Código Aduaneiro Comunitario, e o Regulamento (CEE) 2454/93 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, que fixa determinadas disposicións para a súa aplicación, no relativo ao procedemento simplificado de domiciliación. («BOE» 172, do 17-7-2004.)*

A Orde do 21 de decembro de 1998, que desenvolve o Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, do 12 de outubro, que establece o Código Aduaneiro Comunitario, e o Regulamento (CEE) 2454/93 da Comisión, do 2 de xullo, que fixa determinadas disposicións para a súa aplicación, no relativo ao procedemento simplificado de domiciliación, foi publicada no Boletín Oficial del Estado do 8 de xaneiro de 1999.

Na orde citada establécese o sistema que deben utilizar as persoas que se acollan a este procedemento simplificado nas comunicacións que deben realizar á Aduana, prevendo a utilización de Redes de Valor Engadido (VAN) que era, nese momento, o sistema que ofrecía maior seguridade fronte a outros sistemas de comunicación.

Considerando que actualmente se dan as condicións de seguridade necesarias amparadas por un marco xurídico adecuado para a utilización de internet, e que, ademais, este sistema ofrece un mellor servizo en canto a rapidez, realización de consultas ou diminución de custos, entre outras vantaxes, parece conveniente desenvolver este sistema de comunicación, que vén ratificado polo incremento xeneralizado do seu uso por parte dos operadores nas súas relacións empresariais.

Considerando, así mesmo, que é conveniente realizar algunhas modificacións ao procedemento establecido,

dados os cambios producidos na normativa comunitaria desde a publicación daquela orde.

En consecuencia, de conformidade coa habilitación que a favor deste ministro fai a disposición derradeira primeira do Real decreto número 2718/1998, do 18 de decembro, para o desenvolvemento do artigo 76 do Regulamento (CEE) número 2913/92, do Consello, do 12 de outubro, polo que se aproba o Código Aduaneiro Comunitario, e de acordo co Consello de Estado, tiven a ben dispor:

Primeiro.—Modifícase o texto do punto terceiro, A), a), da Orde do 21 de decembro de 1998, que desenvolve o Regulamento (CEE) n.º 2913/92 do Consello, do 12 de outubro de 1992, que establece o Código Aduaneiro Comunitario, e o Regulamento (CEE) 2454/93 da Comisión, do 2 de xullo de 1993, que fixa determinadas disposicións para a súa aplicación, no relativo ao procedemento simplificado de domiciliación, da forma seguinte: onde di «quiñentos millóns de pesetas», debe dicir «tres millóns de euros».

Segundo.—Modifícase o punto quinto da mencionada Orde do 21 de decembro de 1998, que queda redactado como segue:

«Quinto.—Comunicación coa Aduana.

As comunicacións coa Aduana faranse mediante transmisión electrónica de datos utilizando mensaxes baseadas na normativa de Intercambio electrónico de Datos para a Administración, o Comercio e o Transporte (EDIFACT), previamente determinados polo Departamento de Informática Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

A transmisión realizarase a través da internet, conforme se indica na páxina web [www.agencia-tributaria.es](http://www.agencia-tributaria.es).

O interesado responderá da exactitude dos datos correspondentes ás declaracións que presente na Aduana mediante o sistema previsto no parágrafo anterior. A sinatura manuscrita será substituída pola firma dixital ou numérica nos termos establecidos na Orde HAC/1181/2003, do 12 de maio, pola que se establecen normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións tributarias por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Axencia Estatal de Administración Tributaria.»

Terceiro.—Modifícase o punto sétimo, B), da mencionada Orde do 21 de decembro de 1998, no que se suprime o punto c), polo que as letras d) a g) do citado punto, pasan a ser as letras c) a f).

Cuarto.—Modifícase o punto décimo da mencionada Orde do 21 de decembro de 1998 no sentido seguinte:

Un. Engádese o seguinte parágrafo no punto 1.1:

«Así mesmo deberá comunicar á Aduana de control, mediante EDI, o resultado da descarga, se é conforme ou desconfirme, e neste último caso, indicar as diferenzas advertidas, a alteración nos precintos ou outras irregularidades, do acordo co previsto no artigo 408 do Regulamento (CEE) n.º 2454/93, da Comisión, do 2 de xullo de 1993, que fixa determinadas disposicións para a aplicación do Código Aduaneiro Comunitario.»

Dous. O punto 1.2 queda redactado como segue:

«1.2 O procedemento previsto no punto anterior poderá ser substituído pola solicitude de cam-

bio de situación cando se dean as condicións previstas para a súa utilización na norma que o regula.»

Tres. No punto 1.3, substitúese a expresión «tránsito marítimo» por «tráfico marítimo».

Catro. Suprímese a letra a) do punto 1.6, pasando o texto da letra b) a ser o contido único deste punto.

Cinco. Inclúese, a continuación do punto 4, un punto 4 bis co texto seguinte:

«4 bis. Nos supostos de vinculación da mercadoría a depósito aduaneiro, deberá comunicarse á Aduana de control, mediante as mensaxes EDI previstas para iso, a mercadoría, detallada por número de declaración sumaria e partida, que recibiu ese destino.»

Quinto. Modifícase o punto undécimo da mencionada Orde do 21 de decembro de 1998 no sentido seguinte:

Un. O título do punto 1 queda redactado da forma seguinte:

«1. Exportación de mercadoría comunitaria ou reexportación de mercadoría vinculada ao réxime de depósito aduaneiro que non circule amparada en documento de tránsito.»

Dous. O punto 1.4 queda redactado como segue:

«1.4 O exemplar 3 do DUA, que deberá ser presentado xunto coa mercadoría na Aduana de saída, será asinado e selado polo interventor cando este procedese ao recoñecemento físico da mercadoría, ou ben incluírá o número de autenticación/autorización de levante, cando obtivese o levante automático.»

Tres. O título do punto 2 queda redactado como segue:

«2. Exportación/expedición de mercadoría que circule amparada en documento de tránsito (Canarias, tránsito común, produtos compensadores e outros).»

Catro. O texto do punto 2.6 queda redactado como segue:

«2.6 Autorizada a saída do tránsito, o interesado imprimirá o documento de acompañamento que amparará a circulación da mercadoría ata a aduana de destino do tránsito.»

Cinco. O texto do punto 2.8 queda redactado como segue:

«2.8 A Aduana de control comunicará ao expedidor autorizado, se é o caso, as irregularidades e infraccións que se derivasen da operación de acordo coas comunicacións da Aduana de destino.»

Seis. O punto 3.3 queda redactado como segue:

«3.3 O interesado procederá como se indica no punto 2.6 do punto anterior.»

Sete. O punto 3.4 queda redactado como segue:

«3.4 A Aduana de control actuará como se sinala no punto 2.8 do punto anterior.»

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 8 de xullo de 2004.

SOLBES MIRA

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**13374** *REAL DECRETO 1702/2004, do 16 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1380/2002, do 20 de decembro, de identificación dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo conxelados e ultraconxelados.* («BOE» 172, do 17-7-2004.)

O Real decreto 1380/2002, do 20 de decembro, de identificación dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo conxelados e ultraconxelados, establece nos puntos 1, 2 e 3 do artigo 3 unha serie de especificacións que han de servir de identificación na comercialización dos produtos pesqueiros conxelados e ultraconxelados, especificacións que poden expresarse de diferentes formas segundo os casos; no entanto, o punto 8 do citado artigo obriga a que estas especificacións se expresen mediante unha etiqueta cunhas dimensións mínimas determinadas.

Por outra parte, o desenvolvemento do Regulamento (CE) número 2065/2001 da Comisión, do 22 de outubro de 2001, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) número 104/2000 do Consello, sobre información do consumidor no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, permite aos distintos operadores comerciais que, con fins de rastreabilidade e control, as informacións referidas á denominación comercial e científica dunha especie, o método de produción e a zona de captura estean dispoñibles en cada fase da súa comercialización, podendo presentarse mediante etiquetaxe, envasado ou documento comercial adxunto á mercadoría, incluíndo a factura.

Este real decreto ten por finalidade adaptar a normativa nacional á citada normativa comunitaria, sempre co obxectivo de lograr unha mellor operatividade comercial.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas, as entidades representativas do sector afectado e o Consello de Consumidores e Usuarios. Así mesmo, emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xullo de 2004,

DISPÓN O :

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 2380/2002, do 20 de decembro, de identificación dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo conxelados e ultraconxelados.*

O Real decreto 1380/2002, do 20 de decembro, de identificación dos produtos da pesca, da acuicultura e do marisqueo conxelados e ultraconxelados, modifícase nos seguintes termos: